



Acta de reunión

| | | | | | | | | | |
|------------------|---|------|------------|-------------|-------------------------------------|----------------|--------------------------|---------|--------------------------|
| Órgano convocado | ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2023 | | | | | | | | |
| Lugar de reunión | SALÓN DE ACTOS | | | Ordinaria | <input checked="" type="checkbox"/> | Extraordinaria | <input type="checkbox"/> | Urxente | <input type="checkbox"/> |
| Nº de reunión | 6_2022/23 | Data | 27-06-2023 | Hora inicio | 18:30 | Hora remate | 19:45 | | |
| Moderador/a | Director: Xosé Euloxio Santos Leites | | | | | | | | |
| Secretario/a | Secretaria: Mercedes Couto García | | | | | | | | |
| Propósito | <ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. 2. Información e análise dos resultados académicos. 3. Avaliación do grao de cumprimento da Programación Xeral Anual do Centro e da memoria. 4. Aprobación, se proceder, do informe de convivencia do curso 2022/23. 5. Información sobre a integración do centro na rede de centros de capacitación dixital 6. Remodelación da Dirección do centro 7. Informaciós varias. 8. Rogos e preguntas. | | | | | | | | |
| Asistentes | <p>DIRECTOR: Euloxio Santos Leites.</p> <p>XEFES de ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez, Angel Suarez Ríos</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Santos Seara Escudero, Rosa Martín Bejarano, Mar Castrillón González, Xavier mandado Estévez</p> <p>PAS :</p> <p>PAIS/NAIS: Luisa Álvarez Zaragoza, Tania Núñez García, Ana Lareo Fdez.</p> <p>ALUMNOS/AS:</p> <p>CONCELLO: Victor Martínez Oya</p> | | | | | | | | |

Temas tratados

No **primeiro punto** da orde do día, sométese a votación a acta do día 07 de abril de 2022 remitida con anterioridade ao profesorado por correo electrónico. Apróbase por unanimidade.

No **segundo punto** da orde do día, o Director dá lectura e explica os resultados acadados polo alumnado da ESO, Bacharelato e FP na última avaliación, dos que cabe destacar:

1ºESO: O alumnado que aproba todo mellora en 20 puntos, ata o 66,6%, con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias mellora 16 puntos, ata o 80%. Promocionan a 2º o 85% dos cales 3 é promoción obrigada

2º ESO: O alumnado que aproba todo mellora en 33 puntos, ata 72%, con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias mellora 28 puntos, ata o 88%. Promocionan a 3º o 91,8% dos cales 7 é promoción obrigada

3º ESO: O alumnado que aproba todo mellora en 30 puntos, ata 75%, con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias mellora 39 puntos, ata o 90%. Promocionan a 4º o 90% do alumnado



4º ESO: O alumnado que aproba todo mellora en 29 puntos, ata 75%, con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias mellora 15 puntos, ata o 90%. Titulan o 90% do alumnado. Obteñen tres matriculas de honra.

1º FP Básica: O alumnado que aproba todo empeora en 16 puntos, ata 50%, con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias empeora 8 puntos, ata o 75%. Promocionan a 2º o 54,5 % do alumnado

2º FP Básica: O alumnado que aproba mantense no 1%, con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias empeora 4 puntos, ata o 45%. Titulan o 76,1% % do alumnado

1º BACHARELATO:

Ciencias: O alumnado que aproba todo mellora en 22 puntos ata 65% con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias mellora 20 puntos. ata o 81,1% Promocionan a 2º o 88,6% do alumnado

Artes: O alumnado que aproba todo mellora en 30 puntos, ata 60,5%, con respecto á segunda avaliación. O alumnado que suspende dúas ou menos materias mellora en 24 puntos, ata o 88%. Promocionan a 2º o 87,1% do alumnado

2º BACHARELATO:

Ciencias: O alumnado que aproba todo mellora en case 30 puntos os resultados acadados na segunda avaliación, ata un 55%. O alumnado que suspende dúas ou menos tamén mellora en 25 puntos, ata situarse no 68%. Hai 6 matriculas de honra. Despois da convocatoria extraordinaria, o número de alumnos que titulan chega ao 66%

Artes: O alumnado que aproba todo multiplica por tres os resultados da segunda avaliación ata acadar un 54%.. O alumnado que suspende dúas ou menos tamén mellora en 32 puntos, ata situarse no 80%.. Despois da convocatoria extraordinaria, o número de alumnos que titulan chega ao 58,7%

ABAU: Presentáronse 70 alumnos/as dos cales aprobaron o 93%. Aprobaban o 100% de ciencias e o 89% dos de artes

FORMACIÓN PROFESIONAL:

Electricidade: titularon durante o curso 43 alumnos/as.

Instalación e mantemento: titularon 60 alumnos/as, dos cales 8 son do curso de Especialización.

Edificación: titularon 16 alumnos/as.

Fabricación mecánica: titularon 33 alumnos/as.

No **terceiro punto** da orde do día, sométese a votación o informe sobre o grao de cumprimento da PXA así como a memoria do centro, que foi enviado previamente, e no cal destaca o elevado cumprimento dos obxectivos marcados. Apróbase por unanimidade.

No **cuarto punto** da orde do día, o Director dá lectura ao Informe de Convivencia do curso 2022/23. Faise unha reflexión sobre determinadas condutas que cada vez son máis frecuentes. Sométese o informe a votación e apróbase por unanimidade.

No **quinto punto** da orde do día, o Director sobre a integración do centro na rede de centros de capacitación dixital, unha rede creada por Resolución da Dirección Xeral de FP do día 2 de xuño de 2023, que persigue a alfabetización dixital de persoas que están fora do sistema educativo.

No **sexto punto** da orde do día, o Director informa do seguinte:



O Director explica que debido a súa xubilación o vindeiro 31 de agosto, e faltando un curso para o vencemento do mandato, a lexislación establece que debe facerse unha proposta para cubrir este período de tempo, en caso contrario será nomeada por parte de Inspección. O Director explica que a proposta que se lle fará ao claustro e a de que ocupe a praza de Directora a actual Vicedirectora Da. Sabela Pardo Vázquez

O Director sainte Euloxio Santos Leites aproveita para agradecer ao claustro a colaboración e o bo traballo feito polo profesorado durante estes 8 cursos que estivo ao fronte, e pide desculpas si en algún momento lle faltou ao respecto a alguén.

No **séptimo punto** da orde do día infórmase do seguinte:

- a) Novidades para o curso 2023-24:
 - As clases comenzarán o día 11.
 - Infórmase tamén dos períodos de vacacións
- b) O centro foi premiado nos actos do 30 aniversario pola Axencia de Doazon de órganos e sangue con motivo da nosa aportación durante estes anos
- c) Obras de verán: Este verán tentarase acometer a obra de cambio do falso teito das aulas E-5, E-6 e do sistema de video do salón de actos e os mantementos habituais nas aulas e instalacións.
- d) Estamos pendentes tamén da contratación da instalación do 2º ascensor por parte da Consellería. Está adjudicado neste momento a empresa Castro Figueiras
- e) O Director informa ao consello das modificacións introducidas no plan dixital do centro referidas sobre todo a creación do repositorio dixital e da creación de modelos sobre a protección de datos e apróbanse por unanimidade.

No apartado de **rogos e preguntas**,

A nai Ana Lareo plantexa diversas cuestións relativas ao uso de teléfonos móbiles no centro, solicitando a súa prohibición, e transmite algunhas queixas sobre a descoordinación de exámenes durante a última semán do curso. Neste último caso, o Director e o Xefe de estudos aclaran cuestións relativas ao calendario das probas finais.

Acordos

1. Aprobación do Informe de Convivencia do curso 2022/23.
2. Aprobación das modificación do plan dixital
3. Aprobación do grao de cumprimento da Programación Xeral Anual do Centro e da memoria do curso 2023-24.

Visto e prace moderador
Xosé Euloxio Santos Leites.

A secretaria
Mercedes Couto García.